



Expediente	Procesos selectivos convocados para cubrir prazas vacantes, pola quenda de promoción interna, incluídas na Oferta de Emprego Público OEP do ano 2017.
Trámite	Corrección de erro no anuncio relativo á elevación a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos en determinados procesos selectivos e se sinalan datas de constitución de Tribunais cualificadores e de realización do primeiro exercicio e nomeamento de asesores para corrección dos exercicios tipo test.

O concelleiro de goberno delegado da área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio, en data 22.03.2019, ditou a seguinte resolución:

“Con data 20.03.2019, polo concelleiro de goberno delegado da área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio, ditouse resolución pola que eleva a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos en determinados procesos selectivos referidos e se sinalan datas de constitución de Tribunais cualificadores e de realización do primeiro exercicio.

Detectado erro na amentada resolución, e de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e polo que resolvo:

Primeiro.- Corrixir o erro producido na resolución do concelleiro de goberno delegado da área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio de data 20.03.2019 pola que se pola que eleva a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos en determinados procesos selectivos referidos e se sinalan datas de constitución de Tribunais cualificadores e de realización do primeiro exercicio, de tal xeito que **onde pon**:

(...)

“b) 2 praza de Auxiliar administrativo.

- Constitución do Tribunal e baremo de méritos: día 02.05.2019, ás 09:00 horas, na sala de xuntas da planta baixa do edificio municipal da rúa Michelena, 30.

- Realización do primeiro exercicio: día 07.05.2019, ás 11:00 horas, na sala Bolechas do edificio municipal da rúa Sor Lucía.”

debe poñer

“b) 2 praza de Auxiliar administrativo.

- Constitución do Tribunal e baremo de méritos: día 02.05.2019, ás 09:00 horas, na sala de xuntas da planta baixa do edificio municipal da rúa Michelena, 30.

- Realización do primeiro exercicio: día 07.05.2019, ás 11:00 horas, na **sala Bolechas da Casa da Luz situada na Praza da Verdura** desta cidade.”

(...)

Segundo.- A presente resolución publicarase no BOP e no Taboleiro de edictos do Concello, situado no baixo do edificio Michelena 30, para xeral coñecemento aos efectos previstos nas bases da convocatoria e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra cuxa dirección é <http://sede.pontevedra.gal> .”

Recursos procedentes.- Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Pontevedra, á data da sinatura.

A Secretaria Accidental,

